

SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2.020

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día vintecatro de setembro de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D. Luis Varela Pérez; D^a Pilar Méndez Lombao; D^a María José Martínez Vigo; D^a Tania Díaz Seijas; D^a Elvira Lombao Vila; D. Xabier Molinos Campos, e D^a María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1-APROBACIÓN DAS ACTAS AS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 25 DE XUÑO E 30 DE XULLO DE 2020.

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros as actas correspondentes á sesión celebrada o día 25 de xuño de 2020 e o día 30 de xullo de 2020.

A concelleira do PSOE, dona María del Carmen Acacio López expón que na acta existe un erro xa que pon 30 de xuño en vez de 30 de xullo.

Sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta coa salvidade indicada.

Realizada a votación, as actas resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presidentes.

2- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

O Alcalde inicia o debate asumindo a defensa da seguinte:

PROPOSTA DE MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

A Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG 27/12/2019) engadiu unha nova disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que literalmente di:

“Disposición adicional novena. Actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as.

1. Nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, co fin de lograr o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nelas no caso da matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade



familiar, aplicarase para estes unha bonificación do 100 % dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en vigor en cada momento. (...)

2. Co mesmo obxectivo recollido no número anterior, nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades optaren voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100 % establecida no número anterior, e así o xustificaren, serán compensadas pola consellaría competente na materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais.

(...)

A medida establecida neste número poderá ter efectos económicos no curso 2020-2021 e ser aplicable directamente, sempre que os órganos competentes das entidades locais acorden o seu establecemento e aplicación, sen prexuízo de que deban proceder á adaptación da súa normativa sobre prezos ou contraprestacións en vigor ao disposto nesta disposición.

A implantación de esta acertada medida no ámbito local require da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa, motivo polo cal

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de escola infantil do Concello de Outeiro de Rei, de xeito que quedaría redactada como segue:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Artigo 1.- Imposición e ordenación

No uso das facultades previstas polos artigos 133 e 142 da Constitución, artigos 4.1 a) e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo público descrito na presente Ordenanza Fiscal, consonte ao disposto nos artigos 20 e seguintes da citada lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da presente ordenanza fiscal a prestación do servizo social comunitario de escola infantil municipal

Artigo 3. Suxeitos obrigados.

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como taxa as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta na escola infantil municipal, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 4. Pago.

1. O pagamento das cotas realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes seguinte ao que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.



2. No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

3. A falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

4. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 5. Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar.

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento das cotas tributarias determinadas no anexo da presente ordenanza, teranse en conta as especificacións recollidas no dito anexo. Para os efectos da aplicación do anexo, a renda mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

- Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

- Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

- Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Artigo 6. Suspensión temporal da cota.

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:



a) O mes de vacacións anual da/o nena/o.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

2. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor no seguinte suposto:

Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de non asistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro.

Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Alcalde, que resolverá sobre a procedencia da exención.

Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente ao servizo de comedor, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o Alcalde acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.

ANEXO

1. Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 € mensuais.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda da unidade familiar.

2. Prezo por servizos complementarios.

a) Servizo de comedor.

O prezo por este servizo fíxase en 74,05 € mensuais.

Segundo a renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,23 € por día.

O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

b) Horario ampliado.



Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 €.

c) Hora extraordinaria: entendendo por tal a prestada ao marxe do horario habitual do neno e con carácter non periódico, e cuxo prezo será de 3 euros/hora.

O prezo da hora extraordinaria ou ampliada non estará suxeito a ningunha redución.

3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples).

Prezo da praza: con servizo de comedor 0 €; sen servizo de comedor 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 17,45 €; sen servizo de comedor 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 52,36 €; sen servizo de comedor 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26 €; sen servizo de comedor 69,81 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 149,15 €; sen servizo de comedor 112,13 €.

f) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 186,18 €; sen servizo de comedor 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52 €; sen servizo de comedor 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31 €; sen servizo de comedor 169,26€.

4. Descontos.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.



c) Cando o neno/a para o que se solicita praza ocupa o segundo lugar ou sucesivo no número de orde dos/as fillos/as que compoñen a unidade familiar aplicarase para estes o 100 % de bonificación das cantidades correspondentes a atención educativa segundo o establecido na disposición adicional novena da Lei 3/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento”.

O Alcalde expón que é unha modificación casi de trámite xa que ten por obxecto adecuar a ordenanza ás recentes modificacións normativas, especialmente no que atinxe á actualización das cuotas.

Informa que se inclúe na ordenanza a aplicación do 100% de bonificación, con carácter ao inicio do curso educativo, das cantidades á atención educativa para os nenos que ocupen o segundo lugar e sucesivos na unidade familiar, segundo o establecido na disposición adicional novena da Lei 3/2008, de 3 de decembro.

A concelleira do PSOE lamenta que non se presentase esta modificación para a súa aprobación con anterioridade. Esta Lei leva aprobada anos e non se lle ocorre modificar a ordenanza senón unha vez iniciado o curso 2020-2011. Asemade lamenta que non quede claro a aportación da Xunta.

O Alcalde resposta á concelleira do PSOE que esta modificación vai surtir efecto neste curso indepentemente da aportación da Xunta, e tamén da aportación do Estado. Está por ver qué participación dará o Estado aos Concellos, xa que en vez de aportar o que intentou foi quedarse co remanente de tesourería municipal.

Sométese a votación a aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora de prestación do servizo da Escola Infantil Municipal do Concello de Outeiro de Rei.

Realízase a votación, quedando aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do PP, e tres abstencións dos concelleiros do BNG e do PSOE.

3-PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES, CLASES E OBRADOIROS NOS EIDOS CULTURAI, SOCIAIS E DEPORTIVOS.

O Alcalde inicia a defensa da seguinte proposta de resolución:

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúen os artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e coa finalidade de dispor de un marco normativo que facilite a implantación transparente e obxectiva de prezos públicos pola asistencia de determinados actos realizados polo Concello nos eidos cultural, social e deportivo, por medio do presente propoño ao Pleno da Corporación a aprobación inicial da seguinte:



ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS ESTABLECIDOS POLA PRESTACION DE SERVIZOS, ACTIVIDADES, CLASES OU TALLERES NOS EIDOS CULTURAL, SOCIAL E DEPORTIVO

Artigo 1. IMPOSICIÓN

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, ambos os do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Outeiro de Rei na súa calidade de Administración Pública territorial, establécense os prezos públicos pola prestación dos servizos, programas ou actividades a continuación relacionados:

- a) Actividades deportivas, incluíndo o uso de espazos deportivos.
- b) Actividades culturais e de lecer.
- c) Actividades dirixidas á muller e/ou maiores
- d) Actividades de conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 2. OBRIGADOS AO PAGO.

1. Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza, os usuarios ou beneficiarios dos servizos obxecto da presente ordenanza. Tratándose se menores de idade, virán obrigados ao pago da exacción os proxenitores, titores ou responsables legais ou de feito dos nenos/ as que soliciten ou se beneficien dos mesmos.

2. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

Artigo 3. COTA.

A contía que corresponde abonar en concepto de prezo público por prestación dos servizos a que se refire esta Ordenanza será determinada pola Xunta de Goberno Local.

A tal efecto, o servizo correspondente deberá formular unha memoria económica desagregada expresiva da totalidade dos custes previstos de cada actividade ou programa, así coma unha descripción das acción e prestacións incluídas na mesma.

Na memoria económica figurarán os custes directos de persoal e contratacións necesarios para a prestación do servizo ou actividade, así coma os custes indirectos imputables.

Para o cálculo dos custes indirectos, proporase á imputación a dito servizo ou actividade de unha porcentaxe sobor os gastos ordinarios do área funcional correspondente.

O importe do prezo público, con carácter xeral, será igual ou superior ao custe da actividade ou programa salvo nos seguintes suposto:

- Actividades dirixidas de xeito específico as mulleres, a menores de 18 anos ou maiores de 65 anos.
- Actividades de conciliación da vida familiar e laboral.

No suposto de que a actividade sexa financiada total ou parcialmente por terceiros, o importe a considerar no cálculo do custe a repercutir aos obrigados se limitará ao importe non financiado.

Artigo 4. OBRIGACIÓN E FORMA DE PAGO.



A obrigación de pago dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace no momento en que, previa solicitude do interesado, se autorize a realización da actividade obxecto da mesma, coas normas de xestión reguladas no presente texto.

A forma de pago dos prezos públicos efectuarase mediante autoliquidación, nun só pago que deberá realizarse obrigatoriamente unha vez comunicada a admisión no curso ou actividade de que se trate polos órganos municipais, e en todo caso con carácter previo ao comezo da actividade.

No suposto de que non exista limitación de prazas ou ben que a adxudicación de prazas se efectúe por orde temporal de inscrición, o pago se efectuará simultaneamente coa solicitude de matriculación, debendo xuntarse o xustificante de pago conxuntamente coa solicitude.

Cando se trate dunha actividade continuada no tempo durante varios meses realizarase mediante autoliquidación a cota correspondente á reserva de praza e primeira mensualidade, debendo facilitar beneficiario o número de conta bancaria para que poidan ser virados os recibos correspondentes ao resto de mensualidades ou calquera outro período que se estableza.

Artigo 6. FALTA DE PAGO

As débedas por prezos públicos poderán esixirse mediante o procedemento administrativo de constreñimento, segundo establece o artigo 46.3 do Real decreto legislativo 2/2004 Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais”.

Fai uso a palabra A concelleira do BNG, dona Elvira Lombao expón que vota en falta que non estean os prezos establecidos no texto da ordenaza, senón que se aproben as agochadas pola Xunta de Goberno. Pon coma exemplo os prezos de Outeiro madrugador, que subiron de 65 euros a 80 euros, o que implica un incremento do 23%, ou Outeiro tardes, que se incrementa un 66%, ao pasaren de 15 a 25 euros.

Tamén vota en falta que non haxa ningún tipo de desconto a favor de determinados colectivos ou circunstancias.

Conclúe que debería potenciarse a transparencia na fixación dos prezos.

O Alcalde resposta que existe unha transparencia total, xa que todo o mundo coñece o que se cobra por cada actividade xa que se ven cobrando dende fai moito tempo.

Agora ben, isto non significa que se teña que cobrar o mesmo sempre e en toda circunstancia, xa que na actual situación de Covid-19 tivo a necesidade de habilitar máis locais (ata catro locais diferentes) e contar con máis persoal. E isto mesmo aplícase ás actividades culturais e deportivas.

Si se queren prestar os servizos teñen que cobrarse. Recorda que Outeiro de Rei é un concello pioneiro en Galicia en conciliación familiar, e afirma que seguirá a prestar este servizo a pesar do seu elevadísimo custe.

Invítalle a que atope calquer outro sitio onde se preste o servizo parecido a Outeiro madrugador por 80 euros/ano, ou que preste o servizo similar a Outeiro tardes por 25 euros/mes, dende as 15:30 as 20:00 horas. E isto cunha situación de COVID e aplicando unha redución do 50% ao segundo e sucesivos fillos. Non existe ningún sitio onde se preste estes servizos e a estos prezos.

Incorporase á sesión plenaria o concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro Fernández.

Sométese a votación a aprobación inicial da ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación o servizo de actividades nos eidos culturais, sociais e deportivos.



Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do PP, e catro abstencións dos concelleiros do BNG e a concelleira do PSOE.

4- MOCIÓN MUNICIPAL DO PSOE

A concelleira do PSOE inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

María del Carmen Acacio López, concelleira do PSOE, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

Ó PLENO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

A Concelleira M^a del Carmen Acacio López, na súa condición de voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Outeiro de Rei comparece e como mellor proceda en Dereito di:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46,2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN PARA ELABORAR UN PLAN DE SUBVENCIONS A TRAVÉS DO CONCELLO PARA FAVORECER AS PERMUTAS VOLUNTARIAS DE SOLO DE EXPLOTACIÓN AGROGANDEIRA E FORESTAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Segundo o Instituto Galego de Estatística, no ano 2002 había en Outeiro de Rei 334 explotacións de gando bovino e pasaron a 171 no ano 2019. Con este e outros datos vemos claramente como o sector primario de Outeiro de Rei se vai reducindo debido ao abandono das explotacións gandeiras e da vida no rural. Por outra banda, comprobamos que o saldo vexetativo da poboación é de -41, é dicir, morren moitas máis persoas das que nacen, o cal non é nada prometedor para un concello que se prece de ser exemplo de futuro.

Arredor do ano 2005 varios veciños e veciñas do concello tiveron a iniciativa de pedir unha concentración parcelaria que os axudase a seguir traballando nas súas explotacións gandeiras e agrícolas. Tróuxose daquela, un momento no que había moita máis actividade gandeira, unha iniciativa por parte do Grupo Socialista para solicitar que este Concello fixese todas as xestións necesarias para que se levase a cabo unha concentración nas parroquias situadas ao norte do trazado da Autoestrada A-VI; sen embargo, a corporación municipal encabezada polo daquela xa Alcalde, Pardo Lombao, rexeitouna.

A día de hoxe sábese que nada máis nas parroquias de Castelo e Parada, e despois dun espazo de tempo de 20 anos na súa consecución, teñen establecida dita concentración e que en San Fiz de Paz, Arcos, Sobrada de Aguiar, San Lourenzo de Aguiar, Vilela, Matela, Folgueira e Taboi semella que o proceso está iniciado desde o ano 2011. En La Voz de Galicia, na nova que recollía este asunto, o daquela Conselleiro Samuel Juárez estimaba que o prazo de execución sería para tres ou catro anos. En 2018, co conselleiro José González, volveron anunciar a mesma reestruturación parcelaria en Outeiro de Rei e comentaron exactamente que “non hai ningunha reestruturación aberta pero si dúas finalizadas: Castelo e Parada”. Actualmente, estas actuacións están sometidas á avaliación do cumprimento dos



obxectivos xerais, segundo se pode comprobar na Oficina virtual do medio rural... Estamos rematando 2020.

Vista a lentitude coa que se xestionan este tipo de asuntos, o grupo socialista de Outeiro de Rei propón que o Goberno Municipal deste Concello se posicione ao lado dos máis de mil veciños e veciñas afectados por esta tardanza e intente ofrecer unha solución ao grave problema do rural galego: O minifundismo.

Pensamos que unha boa iniciativa foi a do concello de Castroverde no momento en que subvenciona en réxime de concorrencia competitiva dentro do Programa de Desenvolvemento Rural levado a cabo polo seu concello determinadas actuacións de agrupación do solo de explotacións agrícolas, gandeiras e forestais para mellorar a estrutura territorial agraria e forestal e reducir o abandono no ámbito dos núcleos rurais e nas súas contornas, algo que é incluso beneficioso para reducir a probabilidade de incendios.

Por todo iso, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Que o Concello de Outeiro de Rei poña os mecanismos e ferramentas necesarias para elaborar un plan de subvencións das figuras de agrupación de fincas levadas a cabo por veciños ou veciñas deste concello que teñan interese en permutalas voluntariamente con ou sen modificación xeométrica das fincas resultantes”.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos, fai uso da palabra e expón inicialmente estar de acordo coa moción se ven non coa exposición de motivos. A xente está comenzando a apreciar a importancia da terra.

Dende o BNG sempre se propuxeron ou apoiaron iniciativas que tiveran coma obxecto empoderar aos labregos ou labregas. Esta moción conleva un empoderamento, motivo polo cal estamos de acordo.

Non obstante, parcelle pouco ambiciosa porque considera que se deben primar con fondos públicos sempre cara a modelos asociativos (a unión fai a forza), e promover unidades de xestión forestal e polígonos agrarios. En Lugo temos unha universidade potente neste eido, e tamén nos ciclos secundarios. O que non hai son técnicos que dinamicen ou apoiem estas ideas. Por este motivo debe ser a Administración Pública quen asuma a iniciativa.

O alcalde manifesta que efectivamente se reduciron as explotacións, como sucedeu en todos os concellos de Galicia, xa que vimos de unha economía de subsistencia. Non obstante o anterior modelo non é viable, o que implicou un proceso de reestruturación e redimensionamento.

Infórmalle á voceira do PSOE que se quere é dinamizar o rural o que ten que facer á apolialo con infraestruturas e servizos.

O plan de concentración promoveuse polo concello polo ano 2008, dándose ás parroquias a oportunidade de presentar un escrito de petición masiva cun número suficiente de sinaturas ante a Xunta de Galicia. Ditos escritos acadaron a sinatura de preto do 90% dos propietarios.

O alcalde sorpréndese que cando no ano 2009 entrou o Goberno bipartito e ata a súa saída non se moveu nin un solo papel, salvo para emitir informes contrarios as concentracións parcelarias solicitadas.

Logo que saíu do bipartito do Goberno, tramitouse o estudo de impacto ambiental, a medición de todos os terreos nesas parroquias, tramitáronse as exposicións públicas... etc. esperando cun curto prazo de tempo poder levar a cabo estas concentracións nalgunha das parroquias.



O alcalde, proponlle á concelleira do PSOE, modificar transitoria esta moción e aceptar que o concello de Outeiro de Rei lle pida a Xunta de Galicia con carácter urxente finalice os trámites para poñer en marcha esas concentracións parcelarias.

Esta sería unha modificación de substitución, non de engádega, xa que este Goberno está a favor das concentracións parcelarias, nementres que o PSOE propón unicamente que se outorgue unha achega a quen agregue dúas fincas. Neste punto recorda que a Xunta fai uns anos xa suprimiu o imposto de transmisións para as fincas agrarias.

Pero cree que o importante sería a concentración parcelaria, incluso sen crear novos viales, que xa existen suficientes. Por tal motivo propón que acepte a emenda.

O alcalde responde ao concelleiro do BNG, de que as unidades de xestión forestais xa se creou a Xunta de Galicia e xa están en funcionamento nestes intres

Insiste na necesidade da concentración parcelaria, xa que as parcelas grandes son productivas, e as parcelas productivas non se abandonan, senón que se utilizan. Namentres que as parcelas pequenas, non productivas, se abandonan e o único que producen son lumes forestais.

Incorporase a sesión plenaria a concelleira dona Begoña Seco Varela.

A concelleira do PSOE pide apoio ao concello para axudar á xente para que unha finca pequena a poida facer máis grande. As concentracións parcelarias son eternas. Teñen moita burocracia e se eternizan. A moción proposta pretende axiliar estes procesos dun xeito máis directo.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos explica que non están de acordo na exposición de motivos porque o modelo de concentración parcelaria que se está defendendo é un modelo nacido a metade do século pasado para modificar as estruturas fragmentadas agrarias, transformándose os tamaños das parcelas pero sen incidencia real no tamaño das explotacións. Pero dende o ano 1950 en Galicia concentráronse 350.000 hectáreas de 3000.000 de hectáreas, e a través de uns procesos moi longos e moi custosos.

Non entende cómo se vota a culpa ao goberno bipartito polos 4 anos que gobernou namentres o PP leva gobernando os restantes anos da democracia, e cando o sr. Pardo leva gobernando este concello e prometendo as concentracións dende o ano 2005.

O actual modelo de concentración diseñouse cando o 60% da poboación activa pertencía ao sector agrario. Hoxe en día está polo 6%. Este modelo está claramente desfasado. Hai que buscar outros cauces. O BNG o que quere é un rural vivo para poder recuperar os montes autóctonos, e que os veciños non se vexan avocados á plantación de monocultivo de eucalipto ou a emigración.

O alcalde intervéñ expoñendo que apoian esta petición a un goberno do PP, porque creen que é o que hai que facer. Insiste en que as pequenas parcelas non son productivas e lastran a produtividade da explotación. O que hai que buscar é parcelas grandes coa concentración parcelaria e este concello fixo todo o que lle foi posible para iso, chegando incluso nalguna ocasión a facilitar a concentración modificando o trazado de vías públicas ou camiños.

Por todo iso están dispostos a pedir ao Goberno de Galicia que axilice estas concentracións parcelarias, e diríxese aos outros grupos políticos afirmando que senón se queren adherir a esta proposta de emenda é que non teñen tanto interese na reestructuración parcelaria.

Informa que se aprobou fai pouco unha modificación da Lei de concentración que acurta moitos prazos para que se chegue á fase final sexa o máis rápido posible.



A concelleira do PSOE non acepta a emenda proposta e proponlle ao alcalde que se quere que a Xunta axilice os prazos presente unha moción nese sentido, pero agora se está a tratar unha solución alternativa que é a contida na moción.

O alcalde contestalle dicindo que non lle ten que dicir que moción teñen que presentar. Pero neste tema que se tratou trouxo unha moción e propúxoselle unha vontade e facer un acordo de pleno unánime e a concelleira do PSdG-PSOE a rexeitou.

Sométese a votación a moción, quedando rexeitada con catro votos a favor pertencentes aos concelleiros do BNG e do PSOE e nove votos en contra dos concelleiros do PP.

5- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA MUNICIPALIZAR O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR GARANTINDO UNHAS CONDICIÓN S LABORAIS E SANITARIAS DIGNAS PARA AS TRABALLADORAS

O voceiro do grupo municipal do BNG inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vilae Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte

MOCIÓN RELATIVAÁ INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL PARA QUE PROCEDA A “MUNICIPALIZAR” O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, GARANTINDO UNHAS CONDICIÓN S LABORAIS E SANITARIAS DIGNAS PARA AS TRABALLADORAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Debido á pandemia orixinada pola Covid-19, dende case todas as administracións estanse a tomar medidas de protección s sanitaria tanto para o conxunto de traballadoras e traballadores que prestan servizo nelas como para a cidadanía que acode a esas institucións a xestionar os seus asuntos, medidas que en maior ou menor medida tamén se tomaron no propio concello de Outeiro de Rei.

Esta forma de actuar provocou que na maioría destes centros de traballo xestionados de forma directa polas administracións públicas, os brotes de contaxio orixinados nestes últimos meses foran practicamente inexistentes.

As consecuencias de non actuar deste formavense moi clarasno noso propio concello, onde se está a producir unha tremenda vaga de contaxios na residencia da terceira idade, de xestión privada, onde se produciron xa preto de 200 contaxios e onde, por desgraza, xa faleceron varias persoas, podendo estes falecementos seguir aumentando dun xeito dramático nos próximos días ou semanas.

No noso concello temos un grupo de mulleres que traballan tamén todo o día con persoas maiores, que visitan varios domicilios cada día e ás cales se manteñen nunha situación laboral de discriminación e precariedade, ademais de carecer dos do que seríaa idoneidade de medios e/ou medidas básicas de seguridade, como máscara s e guantes suficientes, sen esquecer unha periodicidade razoable de probas diagnósticas para detectar a tempo os contaxios, tal e como se fai noutros entes similares de xestión pública.

Esta situación de falta de suficiente seguridade nas traballadoras do SAF está a crear unha gran angustia, tanto nas propias traballadoras como nas familias usuarias, onde nin unhas nin as outras poden entender como a este persoal non se lle dan todos os medios necesarios para traballar con seguridade ou se lles fan periodicamente todas as probas



médicas precisas para minimizar o risco de contaxio, tanto para elas como para as persoas que usan este servizo.

Hai que lembrar que este servizo era de xestión directa municipal ata hai poucos anos, cando o señor alcalde decidiu unilateralmente proceder a adxudicar o servizo a unha empresa privada, situación que se mantén na actualidade

Así mesmo, o concello ten solicitado un crédito para procederá construción dun futuro Centro de Día en Outeiro, crendo dende o BNG que agora máis que nunca faise imprescindible que este teña unha xestión totalmente pública, evitando dese xeito que se poidan producir situacións como as que estamos a vivir nestes momentos.

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propostas construtivas, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde a iniciar urxentemente a recuperación da xestión completamente pública do Servizo de Axuda no Fogar que existe no concello.

2.Mentres que iso non ocorre, dende o goberno municipal tomaranse as medidas oportunas para garantir que se doten a estas traballadoras de todos os medios de seguridade necesarios para minimizar todo o posible os riscos para a saúde, tanto das traballadoras como das persoas usuarias dese servizo.

3.Tamén mentres duren os trámites de “municipalización” do servizo, o goberno municipal garantirá a eliminación da situación de discriminación que sofren estas traballadoras, dándolles unhas condicións laborais equiparables ás que ten o resto de persoal do concello.

4.O Pleno Municipal insta ao alcalde e ao goberno municipal de Outeiro a que garanta unha xestión 100% pública do futuro centro de DIA que poida existir non seu momento no concello de Outeiro de Rei.

A concelleira do PSOE está de acordo que a xestión do SAF e do centro de día sexa pública, polo que apoiara á moción.

Intervén a concelleira do PP, dona Begoña Seco Varela, contestando ao concelleiro do BNG que a normativa que se está aplicando é a mesma para a empresa pública e a privada.

Non hai ningunha medida preventiva que sexa un diagnóstico, preventivo sería o uso de vacunas. Neste concello e en todos os concellos de Galicia, cando hai algunha sospeita, actúa a Consellería de Sanidade seguindo os protocolos, facendo un cribado e adoptando as medidas que sexan necesarias.

O concelleiro do BNG non dí que non se esté cumprindo a Lei, está afirmando que se pode ir máis aló, e que a empresa non vai máis aló do estricto cumprimento xa que lle vai ao peto.

Considera que sería unha medida moi positiva que tódalas semanas se fixeran test ás traballadoras para detectar o antes posible a posibles enfermos. Por iso propónse que o Concello asuma estas medidas que van máis aló.

A concelleira do PP afirma que o Concello non ten competencia para facer test a traballadores de empresas privadas.



O Alcalde asegura que ir máis aló non ten sentido, o que ten que facer é o que recomendan as autoridades sanitarias. Dicir iso é coma dicir porqué o Goberno de España non vai máis aló e non fai un PCR a tódolos españoles cada dous días, ou cada día. Pero as autoridades sanitarias non o aconsellan.

As autoridades sanitarias dín que soamente se deben facer os PCR a os sospeitosos non a quenes non o son.

Recórdalle que este concello, cando non había EPIS no mercado foi quen de acadalos e de dotar a estas traballadoras dos medios axeitados.

Informa que unha das traballadoras do servizo contaxiouse con COVID nun lugar alleo ao traballo, e gracias ao seu ben facer e as medidas preventivas adoptadas non contaxiou a ningún usuario do servizo.

Tan pronto como se sospeitou que tivo contacto cun posible positivo non confirmado, enviouse para casa en cuarentena.

En relación á afirmación do concelleiro do BNG de que as traballadoras do servizo non están protexidas, o Alcalde resposta que ningunha traballadora foi a un ERTE durante o confinamento, gracias a que a empresa e máis o concello atoparon solucións para manter os postos de traballo.

É mentira que as traballadoras do servizo non cobran os desprazamento, coma afirma na moción.

Conclúe que o Concello foi máis aló dos protocolos e que a empresa cumpriu debidamente os protocolos e máis a normativa de prevención.

Solicita a palabra o concelleiro do BNG, que é rexeitado polo Alcalde xa que se esgotaron os turnos de intervención.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con catro votos a favor e nove en contra pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

6.- MOCIÓN DE URXENCIA

O Alcalde propón o tratamento, como moción urxente, da seguinte:

MOCIÓN PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A APROBAR DE MANERA URGENTE UNA LEY QUE GARANTICE EL DERECHO CONSTITUCIONAL A LA PROPIEDAD PRIVADA Y COMBATA EFICAZMENTE LA OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVIENDAS.

El Grupo Municipal de Outeiro de Rei, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Acuerdo:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La ocupación ilegal de viviendas, según los últimos datos publicados, ha crecido un 58% en los últimos cinco años pasando de 7.739 casos denunciados en 2013 a 12.214 en 2018.



Solamente entre los meses de enero y junio de 2020 se han registrado 7.450 denuncias por ocupación, un 5% más que en el mismo periodo del año pasado, según datos del Ministerio del Interior. De media, se producen 41 denuncias diarias por ocupación ilegal de inmuebles.

Los cálculos estiman que hay un mínimo de 87.000 viviendas ocupadas ilegalmente en España a las que habría que sumar aquellas cuya ocupación no se ha denunciado.

Estos datos nos muestran como la ocupación ilegal es un problema creciente en nuestro país que no solamente ataca el derecho a la vivienda y a la propiedad privada recogidos en la Constitución Española (artículos 47 y 33 respectivamente) sino que, además, altera gravemente la convivencia vecinal y pone en serio riesgo la seguridad e integridad de personas y bienes.

Esta alteración de la convivencia vecinal se produce por la proliferación de bandas organizadas que se dedican a ocupar inmuebles para alquilarlos de forma ilegal a personas o familias en situación de vulnerabilidad o para conseguir del legítimo propietario dinero a cambio de desalojar la vivienda usurpada ilegalmente.

En los últimos años, se han producido avances legislativos en la lucha contra la ocupación ilegal de viviendas como ocurrió en 2018 a través de la Ley 5/2018 que modificó la Ley 1/2000 de Enjuiciamiento Civil en relación a la ocupación ilegal de viviendas acortando plazos y agilizando procedimientos.

Pero es necesario, a la vista de las cifras anteriormente mencionadas, reforzar el ordenamiento jurídico para que los ocupas no puedan ampararse en ningún vacío legal y proteger y garantizar de manera contundente la propiedad privada, la convivencia y la seguridad jurídica además de luchar activamente contra la mafias que han hecho de la ocupación ilegal su negocio.

Para ello, el Grupo Parlamentario Popular en el Congreso de los Diputados ha presentado una Proposición de Ley Orgánica que, por un lado, refuerza el concepto de domicilio pero ligado al del legítimo propietario, poseedor o titular de un derecho sobre la cosa inmueble, frente a quién ocupa sin título y sin tolerancia del primero.

Y por otro lado, define por primera vez de manera inequívoca qué es la ocupación ilegal: “la tenencia o disfrute de cosa inmueble ajena, sin pago de renta o merced, ni razón de derecho, que no se encuentra amparada en la mera liberalidad o tolerancia del propietario o poseedor real”.

Esta proposición de ley introduce medidas como que la autoridad pública o sus agentes podrán desalojar las viviendas ocupadas ilegalmente en un plazo de 12 horas sin necesidad de esperar meses; considera nula la inscripción en el Padrón municipal cuando la persona inscrita sea un ocupa ilegal; agiliza el proceso penal para juzgar este tipo de delincuencia y regula nuevas penas para quienes fomenten la ocupación ilegal y si estas personas son responsables políticos incluye una inhabilitación de 15 años para ejercicio de cargo público.

Además, esta proposición de ley refuerza los medios de los que disponen las comunidades de propietarios para combatir la ocupación ilegal, y las negativas consecuencias que tiene para la convivencia y la seguridad de los vecinos, que podrán adoptar medidas preventivas tales como tapiar o cerrar puertas o ventanas.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei, presenta la siguiente propuesta de acuerdo

1. Manifiestar el firme compromiso del Ayuntamiento de Outeiro de Rei con la defensa del derecho a la propiedad privada y la lucha contra ocupación ilegal de viviendas.



Un compromiso que es compatible con el apoyo y protección a aquellos vecinos y familias que se encuentran en situación de emergencia social, vulnerabilidad o exclusión social por motivo de vivienda.

2. Instar al gobierno de España a aprobar de manera urgente una ley que garantice el derecho constitucional a la propiedad privada y combata eficazmente la ocupación ilegal de viviendas.

3. Apoyar las modificaciones legales y las medidas incluidas en la Proposición de Ley Orgánica contra la ocupación ilegal y para la convivencia vecinal y la protección de la seguridad de las personas y cosas en las comunidades de propietarios presentada por el Grupo Parlamentario Popular en el Congreso de los Diputados.

Dar traslado de este acuerdo al Ministro de Justicia y a la Presidenta y portavoces de los grupos políticos con representación en el Congreso de los Diputados.

O Alcalde xustifica a urxencia na situación creada polo alarmante incremento de ocupacións de vivendas que se está a sufrir e que orixina un problema gravísimo e urxente.

Sométese a votación a urxencia da moción.

Realizada a votación, a urxencia resulta aprobada con nove votos a favor e catro votos en contra pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

Trala defensa da moción polo voceiro do PP, a concelleira do PSdG-PSOE afirma que non pode contrastar os datos expresados na moción, motivo polo cal non se pode realizar un debate serio sobre a mesma.

O voceiro do grupo municipal do BNG considera difícil avaliar unha moción do calado da presentada por urxencia en cinco minutos.

Tamén considera que o xeito de garantir un dereito constitucional é acudindo ao xulgado, non presentando mocións.

Sendo un problema grave o que se plantexa de ocupación de vivendas tamén é un problema grave o que late tras él, que é a miseria. Non é o normal que ricos ocupen vivendas. O debate debería vincularse á pobreza creadas coas medidas de recortes adoptadas para saír da crise financeira de 2007

En relación á urxencia, en Lugo cree que hai seis ou sete ocupacións. En Outeiro ningún. Por tal motivo non entende porqué non se agarda ao seguinte pleno dentro de un mes.

O Alcalde considera que o importante da moción non son os datos numéricos expresados, senón o trasfondo social do problema da ocupación, e sobre ese problema debe terse formada unha idea.

E si existe un problema social de vivienda deberá solucionalo a Administración, non os outros particulares coas súas vivendas. A Administración non pode permitir esta situación.

Esta moción non trata de outra cousa que de protexer a propiedade privada fronte a ocupación ilegal, e non pode haber excusas para non facelo.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con nove votos a favor pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP; un voto en contra pertencente á concelleira do PSdG-PSOE e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros do BNG.



7.- ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado pola concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, do seguinte teor literal:

M^a del Carmen Acacio López, na súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, comparece e como mellor en Dereito di

Que ao abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar aos órganos de goberno a seguinte:

PREGUNTA: Está o Concello de Outeiro de Rei adherido ao Plan de compostaxe individual para residuos orgánicos de Sogama?

O Alcalde resposta que non están adheridos, pero están a implantar a recollida selectiva de orgánicos (FORSU), desplegando un bo número de contenedores por tódalas parroquias, tralo cal se instalarán composteiros. Espera que dun xeito escalonado se faga entre este ano e o que ven.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as xxxxxxxxxxxx, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

V^oP^o; O Alcalde

